

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

Elección da Presidencia e da Comisión Delegada

28 de xuño de 2026

En Vigo, no Edificio das Federacións Deportivas Galegas, sito na rúa Fotógrafo Luis Ksado nº 17, sendo as **10:30 horas do día 28 de xuño de 2026**, reúnese en sesión extraordinaria a Asemblea Xeral da Federación Galega de Balonmán, convocada de conformidade co calendario electoral aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

A sesión é presidida, de conformidade co Regulamento Electoral, pola **Presidenta da Mesa Electoral**, actuando como Secretario da sesión o **Secretario da Mesa Electoral**, asistidos polo Vogal da mesma.

Declarada validamente constituída a Asemblea Xeral, compróbase a existencia do quórum necesario para a válida celebración da sesión.

PRIMEIRO.- Elección da Presidencia

A Presidenta da Mesa informa á Asemblea de que a Xunta Electoral proclamou definitivamente unha única candidatura á Presidencia da Federación Galega de Balonmán, presentada por **D. Bruno López Molina**.

De conformidade co disposto no Regulamento Electoral, ao existir unha única candidatura proclamada definitivamente, **non procede realizar votación para a elección da Presidencia**, quedando proclamado Presidente electo D. Bruno López Molina, sen prexuízo da súa toma de posesión na data prevista no calendario electoral.

A Asemblea queda informada.

SEGUNDO.- Elección dos membros da Comisión Delegada

A continuación procédese á elección dos membros da Comisión Delegada correspondentes á representación da Asemblea Xeral.

A Presidenta informa que a Comisión Delegada estará integrada por doce membros máis o Presidente da Federación como membro nato, correspondendo á Asemblea Xeral elixir:

- Catro representantes do estamento de clubs.
- Dous representantes do estamento de deportistas.
- Un representante do estamento de persoas adestradoras.
- Un representante do colectivo arbitral.

Faise constar que:

- Nos estamentos de deportistas, persoas adestradoras e colectivo arbitral o número de candidaturas coincide co número de postos a cubrir, polo que non resulta necesaria a celebración de votación, quedando proclamadas provisionalmente electas as seguintes persoas:

Estamento de deportistas

- D^a Aida Barros Seoane
- D. Henrique Gabriel Loureço

Estamento de persoas adestradoras

- D. David Iglesias Freire

Estamento arbitral

- D. Víctor Manuel Rivera Diz

Procede, por tanto, unicamente a votación correspondente ao estamento de clubs.

Realizada a votación, procédese ao escrutinio público dos votos pola Mesa Electoral.

Os resultados recóllense na correspondente Acta de Escrutinio.

TERCEIRO.- Clausura

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta da Mesa declara finalizada a sesión ás 11:10 horas do día anteriormente indicado.

E para que así conste, esténdese a presente acta.

A PRESIDENTA DA MESA ELECTORAL

Asdo.: D^a MONTSERRAT REY SALORIO



O SECRETARIO DA MESA ELECTORAL

Asdo.: D. ANXO OTERO SIEIRO



O/A VOGAL DA MESA ELECTORAL

Asdo.: D.VÍCTOR M. RIVERA DIZ

